



RESOLUCIÓN DE INICIO DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAS ADXUDICATARIAS DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN AUTONÓMICA

Logo da análise da solicitude de inicio do procedemento de selección de persoas adxudicatarias das vivendas incluídas no expediente da vivenda de protección autonómica de RÉXIME XERAL número 32-J-0008/05, presentada pola entidade promotora PROYECON GALICIA, S.A., así como da documentación achegada, e unha vez acreditado o cumprimento dos requisitos establecidos no Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas, consonte co establecido nos artigos 32 e seguintes do citado Decreto 1/2010,

RESOLVO

1. Declarar a apertura do procedemento de selección de persoas adxudicatarias no expediente de vivenda protexida de promoción privada de RÉXIME XERAL núm 32-J-0008/05.

As características da promoción son as seguintes:

Localización: Avenida de Compostela, nº 115, O Carballiño (Ourense)

Data da Cualificación Definitiva: 4 de marzo de 2008

Forma de acceso: Compra

Estado de execución: Rematada con licenza de primeira ocupación

Número e tipoloxía das vivendas: 1 para quenda Xeral.

- Tipo 1D (1ª planta, piso 1º D, 79,52 m²): vivenda de 3 dormitorios.

Anexos vencellados ás vivendas:

- Garaxe 1DG (soto nº 3, 12,59 m²) e rocho 1DT (baixo nº 8, 4,73 m²)

Prezo de venda (sen IVE): 70.000,00 € (sen IVE)

Forma de pagamento: Na data da escritura de compravenda





2. Outorgar ás persoas interesadas que, á data desta resolución de inicio, estean inscritas e anotadas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia no réxime, forma de acceso e localidade desta promoción, un prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte ao da derradeira publicación desta resolución de inicio, para solicitar a súa inclusión no procedemento de adxudicación, segundo o modelo que se xunta como anexo, nos termos do disposto no artigo 35 do citado Decreto 1/2010. Non se admitirán solicitudes non axustadas ao modelo anexo.

A presentación de solicitudes implica a renuncia a calquera outro procedemento de adxudicación de vivendas de protección autonómica non resolto no que a persoa interesada figurase como reserva (de conformidade co artigo 39.2 do Decreto 1/2010).

Ourense, á data da sinatura electrónica

A xefa territorial da Vicepresidencia segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Victoria Núñez López
(*Asinado electronicamente*)





ANEXO

MODELO DE SOLICITUDE

D./Dna. _____ con D.N.I. número _____,
inscrito/a no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de credencial _____, teléfono de contacto _____, á vista da apertura do procedemento de selección de persoas adxudicatarias da vivenda incluída no expediente de vivenda protección autonómica de RÉXIME XERAL número 32-J-0008/05, promovido por PROYECON GALICIA, S.A., sita en AVENIDA DE COMPOSTELA, NÚMERO 115, concello de O CARBALLIÑO, na modalidade de Compra,

EXPON:

1º) Que, estando interesado/a na vivenda protexida da devandita promoción, solicita a inclusión no procedemento para a súa adxudicación, nas quenda/s que de seguido se especifican:

Xeral

2º) Que, no caso de resultar adxudicatario/a, autoriza ao Instituto Galego da Vivenda e Solo a facilitar os seus datos persoais á empresa promotora, para os exclusivos efectos de realizar a comunicación prevista no artigo 38.2 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas, para a formalización da compravenda.

Ourense, ___ de _____ de 20__

Asinado,

Xefa Territorial da Vicepresidencia segunda e Consellería de Medio Ambiente,
Territorio e Vivenda

Rúa Sáenz Díez, 1 - 32003 Ourense